

INFORME DOS CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS E PORCENTAXES PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE ACTUALIZACIÓN DA CARTOGRAFÍA SIG DE REFERENCIA MUNICIPAL A ESCALA 1:500 NO ÁMBITO DA CIDADE E ESCALA 1:1000 NO RESTO DO TERMO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O obxecto do presente informe é a valoración en puntos dos criterios valorables en cifras e porcentaxes cun máximo de 45 puntos para a adxudicación do contrato do Servizo de actualización da Cartografía SIG de referencia municipal a escala 1:500 no ámbito da cidade, e a escala 1:1.000 no resto do termo municipal de Santiago de Compostela, para o cal presentaron ofertas as seguintes empresas:

- TRABAJOS CATASTRALES S.A.U.- TRACASA
- SERESCO, S.A.
- ALTAIS, S.L.
- SRM CONSULTING

A efectos de valoración teranse en conta os seguintes aspectos do Prego de Cláusulas administrativas particulares:

2. OFERTA ECONÓMICA. Máximo 25 puntos.

As empresas clasificaranse inicialmente por orde de mellor a peor, seguindo o criterio de "prezo máis baixo da oferta". Obtido o orden de prelación de todas as ofertas segundo este criterio, outorgarase a máxima puntuación de 25 puntos á oferta máis baixa e aplicarase ao resto das ofertas a seguinte fórmula para calcular a súa puntuación:

$$P_n = (P_m \times O_b) / O_n$$

Onde:

P_n: puntuación da oferta

P_m: puntuación máxima posible (25 puntos)

O_b: importe da oferta máis baixa

O_n: importe da oferta a puntuar

Prezo ofertado IVE excluído

- TRABAJOS CATASTRALES S.A.U.- TRACASA....	82.500,00 euros
- SERESCO, S.A.....	69.500,00 euros
- ALTAIS, S.L.....	76.643,81 euros
- SRM CONSULTING.....	64.462,81 euros



Aplicando a fórmula anterior, onde $P_m = 25$ e $O_b = 64.462,81$ (oferta da empresa SRM CONSULTING), a puntuación acadada neste punto é a seguinte:

- TRABAJOS CATASTRALES S.A.U.- TRACASA....	19,53 puntos
- SERESCO, S.A.....	23,19 puntos
- ALTAIS, S.L.....	21,03 puntos
- SRM CONSULTING.....	25,00 puntos

3. AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA. Máximo 10 puntos.

A unidade de valoración será o mes e non se consideraran períodos inferiores a un mes.

Asígnanse dous (2) puntos para cada mes de ampliación do prazo de garantía cun límite de dez (10) puntos.

- TRABAJOS CATASTRALES S.A.U.- TRACASA....	12 meses
- SERESCO, S.A.....	5 meses
- ALTAIS, S.L.....	5 meses
- SRM CONSULTING.....	6 meses

As empresas con menor ampliación do prazo de garantía son SERESCO, S.A. e ALTAIS, S.L. con 5 meses cada unha acadando xa a puntuación máxima de 10 puntos

- TRABAJOS CATASTRALES S.A.U.- TRACASA....	10,00 puntos
- SERESCO, S.A.....	10,00 puntos
- ALTAIS, S.L.....	10,00 puntos
- SRM CONSULTING.....	10,00 puntos

4. PRODUCTOS ADICIONAIS: 10 puntos. Valoraranse como posibles melloras técnicas adicionais ofrecidas ao proxecto, as seguintes:

- Ortofotografía do termo municipal, con resolución GSD de 10 cm. 5 puntos.

- Densificación e transformación a ETRS89 da rede básica local. 5 puntos.

Todas as empresas ofertan a Ortofotografía do termo municipal con resolución GSD de 10 cm. A empresa TRABAJOS CATASTRALES S.A.U. TRACASA mellora a oferta cun GSD de 9 cm. Así mesmo todas as empresas ofertan a densificación e transformación a ETRS89 da rede básica local, polo que todas elas acadan a puntuación máxima de 10 puntos no apartado de produtos adicionais.

- TRABAJOS CATASTRALES S.A.U.- TRACASA....	10,00 puntos
- SERESCO, S.A.....	10,00 puntos
- ALTAIS, S.L.....	10,00 puntos
- SRM CONSULTING.....	10,00 puntos

Na seguinte tabla resume refléxanse as puntuacións acadadas para cada apartado, incluíndo a puntuación dos criterios non valorables en cifras nin porcentaxes, das empresas licitadoras:

Nº de orde	NOME LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA	AMPLIACIÓN PRAZO GARANTÍA	PRODUTOS ADICIONAIS	CRITERIOS NON VALORABLES	TOTAL PUNTUACIÓN
1	TRABAJOS CATASTRALES S.A.U. TRACASA	19,53	10,00	10,00	38,00	77,53
2	SERESCO, S.A.	23,19	10,00	10,00	32,00	75,19
3	ALTAIS, S.L.	21,03	10,00	10,00	28,00	69,03
4	SRM CONSULTING	25,00	10,00	10,00	31,50	76,50

A vista do seguinte cadro, a empresa TRABAJOS CATASTRALES S.A.U. que con unha puntuación de **77,53 puntos**, e a empresa que acada maior puntuación das catro que licitaron o Concurso para o Servizo de actualización da cartografía SIG de referencia municipal a escala 1:500 no ámbito da cidade e a escala 1:1.000 no resto do termo municipal de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2014

O xefe da Sección de Cartografía e SIT,



Asdo.: Rogelio Canedo Lamela